

Colección: Fundación Luís Seoane

Ficha documental da epistola de Valentín Paz Andrade, a Luís Seoane do 10/08/1954

Colección:

Data: 10/08/1954

De:

Valentín Paz Andrade;

Para:

Luís Seoane;

Orixes:

Nova York (local), Nova York (estatal), EEUU (nacional)

Orixes:

Policarpo Sanz, 22 (de enderezo), Vigo (municipal), Vigo (comarcal)

Ficha descriptiva:

[Carta manuscrita co membrete:] V. Paz-Andrade / Abogado / Policarpo Sanz, 22. Tel 1562 / Vigo

Temáticas:

Pranto matricial; Artes; Artes visuais; Asuntos particulares; Emigración; Literatura; Migracións;

Mencionados:

Enrique Azcoaga; Castelao; Manuel Colmeiro; Hernán Cortés; Francisco Fernández del Riego; Evelina Hervella; Laxeiro; Carlos Maside; Pilar Rodríguez de Prada; Maruxa Seoane; Manuel Torres;

Transcrición da epistola de Valentín Paz Andrade, a Luís Seoane do 10/08/1954

Vigo, 10 ag. 1954

Moi querido Seoane:

Estou en tanta divida contigo, como con tantos anceios de a cancelar aitivamente. Sempre afogado en afaceres urxentes, un vai deixando, d-unha pra outra hora, o que non quere facer por facer, senon mais por lecer. Pra qué engadir qué por lecer do esprito?

Todos os amigos –eiqui, outro mundo... non presta–, estamos fondamente ademirados da tua laboura, é, mais ainda, do teu tempre e animo; da tua liña íntima revelada en froración continua, sen desfalecemento, nin ensomecemento. Moitas vegadas fixen o proposito de facer gravitar o meu pensamento en torno a tua obra, e a personalidade que descobre, pruridimensional e vizosa a todos los ventos que

enroita. Algún día terá de ser, si ben eiquí o campo xornalístico é un coto, ou vedado ou luxado, onde se crian coellos d-unha caste somentes. Nada che dí de novo todo eso.

Estóu de novo c-o pé no estribo do avión pra América. Supoño que Paco e Pepe te informarian. Debo estar seis semáns en México, a partir do 4 de oct., duas en Veracruz e duas en Mazatlán. O curso da FAO rematará o 10 de decembro. N-esta data ou voltaréi, pol-o Norte, ou baixaréi a Bogotá, onde me ofrecen unha misión de asesoramento por un ano, pra ourentar un plan nacional pesqueiro que o Goberno pretende sexa executado baixo a direición da FAO. Non sei aínda se poderei facelo compatibre c-os meus asuntos eiquí, que son absorventes a mais. De todol-os xeitos, terás novas mais a miudo, dende as terras de Cortés.

Agora quero falarche algo do Pranto matricial. Pepe díxome do benevolo xuízo que ti e Azcoaga fixestes d-ese poema d-un extrapoeta. Non tería intrés publicalo, se non introduxera no protoplasma un pouco licuoso e alicorado da nosa poesía galega actual, acentos mais dereitos e menos deprendidos. E senon representara un contacto vivo c-o as frebas do pobo, ao que é preciso ir aínda que sexa pol-as vías do sentimento e o mito. Algo craro se dibuxa en torno a Daniel; é que coma mito medra día e noite, alem e aquem do mar. Pois entón estamos diante d-unha fonte viva de creación do espírito nos indeliberados cultores do espírito, manifestado en sentimento, ou xa, en concencia, en pensamento despois.

Si o Centro, como me anuncia Pepe, vai a edital-o, quero persoalmente deixar o choyo nas tuas maos d-artista, de mestre maduro nas artes do mais belo libro galego que se fixo. ¡Pena non ter eiquí quen nos redima das baixas e torpes formas, en que aínda se lanzan os libros das nosas mais conspicuas editoras! Agardo que Maside me entregue algun dibuxo de Alfonso, prometido hai meses. Colmeiro leva ahí algunhas ilustracións, das que poderías aproveitar unha. Laxeiro podería facer outra. Tamen Torres prometeu unha. E ti non deixarás de engadir as que queiras, pois xa que a cousa terá un ar de homaxe compre que os artistas mais achegados, na raíz, a persoalidade lembrada, figuren con algunha colaboración persoal. E remato. Moitas gracias. As mellores lembranzas a Maruxa e pra ti as apertas mais quentes.

Valentín

[Escrito na marxe esquerda:]

Querida Maruja:

Quisiera haberte enviado por Evelina un cariño que te recordara nuestra tierra. No lo hice por ser limitado el peso de equipaje en avión. Otra vez será... ¿Cuándo os decidís a venir? Para vosotros, y para todos esos buenos amigos que ahí dejamos, guardo siempre el mejor recuerdo. Con Luis un abrazo de

Mª Pilar

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.